

## EDITORIAL

Unir á Economía Social o planeamento, a prospectiva, a estratexia e o desenvolvemento de Galicia foi a intención dos editores da publicación dende un principio, anque unha tarefa destas proporcións ten que ser abordada paso a paso. A súa necesidade ven dada tanto porque un dos nortes a propoñer para a Economía Social era a súa misión de creación de riqueza en Galicia, como porque unha Economía Social sen reflexión prospectiva tiña un grave risco de conducir ó fracaso a medio prazo ós procesos nos que se empeñara, como temos aprendido tanto da nosa historia recente como da máis afastada.

Neste número preséntanse varias aproximacións prospectivas á economía galega, algunhas delas promovidas polos propios editores da revista, e outras sobre o tema tan fundamental para o noso futuro como a integración da produción leiteira nun gran grupo agroindustrial.

Pero no noso país hai unha gran vaguedade na definición de obxectivos, moitas posicións ambiguas e moi apreciábeis erros nas definicións de intereses, así como unha situación borrosa na definición dos grupos sociais e nas súas traxectorias de modernización.

Queremos propoñer a todo o longo e ancho do país unha ampla, participada e activa reflexión sobre o futuro dos nosos intereses e desexos, e gustaríanos invitar á formación de “talleres de prospectiva”: grupos de 25-30 persoas que durante unhas semanas, e cunha metodoloxía de prospectiva -polo demais asequible- que abordaran o exame de cuestións -o futuro dunha aldea, ou do medio rural, ou dun Concello, o programa de anovamento dun sistema de produción, os liñamentos dunha proposta institucional ou mesmo da súa misión...- e que sería tamén unha forma de difundir a metodoloxía de prospectiva e de dar contido ós programas de modernización.

